

PLANIFICACIÓN FINANCEIRA (6212114010910)

TITULACIÓN

Dupla Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas e Dereito

NIVEL

4º Curso

CRÉDITOS

9 Créditos

CURSO

2010/2011

CÓDIGO DA MATERIA

6212114010910

TIPO

Anual

HORARIOS

A materia ten asignados 9 créditos anuais.

Grupo 3A (M-Z):

1º Cuadrimestre: Luns (15.30 a 16.30) e Martes (15.30 a 17.30)

2º Cuadrimestre: Luns (15.30 a 16.30) e Martes (15.30 a 17.30)

DEPARTAMENTO RESPONSABLE

Economía Financeira e Contabilidade

EQUIPO DOCENTE

Profesor responsable coordinador da materia:

Anxo Ramón Calvo Silvosa

Profesor Titular de Universidade

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

Facultade de CC.EE. e EE de A Coruña – Universidade da Coruña

Telf. 981 167 000 – ext. 2552

Email: calvo@udc.es

TITORÍAS

Profesor: Anxo Calvo Silvosa

Lugar: Despacho 105 (Departamento de Economía Financeira e Contabilidade)

Horarios:



- 1º Cuadrimestre: Luns (16.30 a 20.30) e Martes (17.30 a 19.30)
- 2º Cuadrimestre: Luns (16.30 a 20.30) e Martes (17.30 a 19.30)

MOODLE

Os contidos, materiais e outros aspectos da materia (avisos, listaxes de cualificacións, etc) estarán dispoñibles na plataforma Moodle.

LINGUA DE DOCENCIA

Galego

OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Definir e localizar a Planificación Financeira no seo da Economía Financeira da Empresa.
2. Definir un Sistema de Plans: plan director, plan estratéxico, POA e orzamentos.
3. Profundar na cuestión básica dos obxectivos empresariais: determinación, indicadores, xestión orientada ao cumprimento de obxectivos, etc.
4. Trasladar ao alumnado os conceptos básicos dentro da Planificación Financeira e a súa conexión co resto de funcións que se desenvolven na empresa.
5. Exposición dun sistema completo de Planificación Financeira.
6. Abordar o Control do Plan Financeiro tanto ex ante como ex post.

METODOLOXÍA

- Sesións maxistras: nas sesións maxistras expóranse os contidos teóricos do temario desta materia facendo especial fincapé naqueles asuntos de máis difícil comprensión. Empregarase material audiovisual a través de presentacións electrónicas.
- Solución de problemas: propórase ao alumnado unha colección de problemas para facilitar a comprensión dos conceptos expostos nas sesións maxistras.
- Estudo de casos: propórase ao alumnado unha colección de casos para que sexan resoltos de maneira individual ou en grupo. Para a resolución usarase como ferramenta básica a folla de cálculo. Estes traballos formarán parte da avaliación final.
- Lecturas: propórase ao alumnado a lectura de textos para facilitar a comprensión dos conceptos teóricos expostos nas sesións presenciais ou para profundaren persoalmente en aspectos relacionados co temario da materia.
- Probas test: consistirán en probas tipo test sobre aspectos teóricos ou prácticos vistos nas sesións presenciais, na resolución de problemas ou no estudo de casos.

AVALIACIÓN

Existirán dous mecanismos básicos de avaliación:

1. *Avaliación continua*

Os alumnos que asistan a clase, entreguen os traballos, exercicios, casos e outras tarefas encargadas ou se presenten ás probas parciais entran dentro do sistema de avaliación continua.

O mecanismo de avaliación responderá ao seguinte esquema:

Parte avaliabile	Mecanismo de avaliación	Peso na nota final
Teoría (parte A)	Proba tipo test ou de pregunta curta	40%
Exercicios prácticos (parte B)	Proba tipo test ou de resolución de exercicios	30%
Caso práctico (parte C)	Proba tipo test ou de pregunta curta	30%

Puntos adicionais por actividades: Á cualificación que se obteña da aplicación da táboa anterior poderase sumar até un máximo de dous puntos por participación en clase, entrega de traballos voluntarios propostos polo equipo docente, entrega de exercicios e/ou traballos etc. A puntuación máxima que se poderá obter será un 10.

Para superar a materia deberá sacarse unha puntuación mínima en cada un dos apartados que se recollen na táboa anterior.

Os alumnos/as que se acollan a esta modalidade de avaliación e non superen a materia consonte o sistema anteriormente descrito deberán someterse ao exame final da materia. Acudirán coa parte da materia que teñan pendente de superar. Conservaráselles os puntos adicionais por actividades.

2. Exame final

O resto dos alumnos/as serán avaliados a través dun exame final cuxo contido recollerá as partes e as ponderación recollidas na táboa anterior. O alumnado que se acolla a esta modalidade non terá opción a puntos adicionais por actividades.

PROGRAMA

TEMA 1. A PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DA EMPRESA

- 1.1. Introducción: da función financeira á planificación financeira
- 1.2. O Proceso de Planificación na Empresa
 - 1.2.1. A Estratexia empresarial
 - 1.2.2. O Sistema de plans
 - 1.2.3. A síntese orzamentaria
 - 1.2.3.1. O ciclos longo e curto da planificación

TEMA 2. CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE OBXECTIVOS

- 2.1. Introducción
- 2.2. Definición dun sistema de obxectivos
 - 2.2.1. Misión, obxectivos xerais e obxectivos operacionais
- 2.3. Enfoques sobre os obxectivos empresariais
 - 2.3.1. Concepción clásica

- 2.3.2. Enfoques directivistas
- 2.3.3. Enfoque do “Stakeholder”

TEMA 3. A CREACIÓN DE VALOR COMO OBXECTIVO GLOBAL

- 3.1.1. Estratexia e creación de Valor
- 3.1.2. Medidas propias da xestión baseada no valor: MVA, BE, EVA, CVA, CFROI, TSR, q
- 3.1.3. Fluxos de Caixa na empresa:
 - 3.1.3.1. Fluxo de caixa libre (FCL)
 - 3.1.3.2. Fluxo de caixa para a débeda (FCD)
 - 3.1.3.3. Fluxo de caixa para o accionista (FCA)
- 3.1.4. O tipo de desconto
 - 3.1.4.1. O custo dos fondos propios
 - 3.1.4.2. O custo da débeda
 - 3.1.4.3. O custo de capital medio ponderado (WACC)

TEMA 4. A XESTIÓN BASEADA NO VALOR

- 4.1.1. A xeración do valor económico
- 4.1.2. Os xeradores de valor
 - 4.1.2.1. Económico financeiros
 - 4.1.2.2. Operativos
 - 4.1.2.3. Xeración de valor e operacións de capital

TEMA 5. O ESTADO DE CASH-FLOW PREVISIONAL

- 5.1. O Cash Flow de Explotación
 - 5.1.1. Concepto
 - 5.1.2. Os subsistemas comercial e de operacións
 - 5.1.3. A Previsión
- 5.2. O Beneficio
 - 5.2.1. Categorias de beneficio
 - 5.2.2. Tratamento dos xuros e dos dividendos
- 5.3. Autofinanciamento
 - 5.3.1. Amortizacións contables e provisións e deterioracións.
 - 5.3.2. Reservas e compensacións de perdas.

TEMA 6. AS NECESIDADES DE CAPITAL CORRENTE

- 6.1. Introducción: conceptos básicos
- 6.2. Políticas de Capital Corrente
 - 6.2.1. Existencias
 - 6.2.2. Clientes e debedores a curto prazo
 - 6.2.3. Tesouraría e activos líquidos
 - 6.2.4. Provedores e acredores a curto prazo

- 6.2.5. Política de financiamento a curto prazo
- 6.3. O capital corrente real, necesario e diferencial
- 6.4. As necesidades netas de capital corrente

TEMA 7. O ORZAMENTO DE CAPITAL

- 7.1. Introducción
- 7.2. Os empregos: Orzamento de Investimentos
 - 7.2.1. Gastos de investimento: valoración e selección de proxectos de investimento
 - 7.2.2. Necesidades netas de capital corrente
 - 7.2.3. As amortizacións financeiras
 - 7.2.4. Outros empregos
- 7.3. O Orzamento de Financiamento
 - 7.3.1. O autofinanciamento
 - 7.3.2. Financiamento externo a medio e longo e prazo
 - 7.3.3. O desinvestimento en activos non correntes e en capital corrente.
 - 7.3.4. Os recursos extraordinarios
 - 7.3.5. Fontes de financiamento e grao de desenvolvemento da empresa

TEMA 8. O ORZAMENTO DE TESOURARÍA

- 8.1. Introducción
- 8.2. Obxectivos, principios e funcións básicas da xestión da tesouraría
- 8.3. Estrutura e contido

TEMA 9. IMPLICACIÓNS FINAIS

- 9.1. O Balance e as contas de resultados previsionais
- 9.2. Equilibrios entre empregos e recursos no orzamento de capital
 - 9.2.1. Viabilidade, alisado, revisión, etc.

TEMA 10. O CONTROL DO PLANO FINANCEIRO

- 10.1. O Control a priori
- 10.2. O Control a posteriori
 - 10.2.1. Análise das desviacións
- 10.3. Análise de Sensibilidade

BIBLIOGRAFÍA

MANUAIS

- Asch, D.; Kaye, G.R. (1989): *Financial Planning. Modelling Methods and Techniques*, Kogan Page, Londres.
- Cabanelas, J. (1997): *Dirección de Empresas. Bases en un entorno abierto y dinámico*, Pirámide, Madrid.
- Cibrán, P.; Villanueva, M.; Fernández, M.T. (2008): *Planificación Financiera. Teoría y Casos Prácticos*, Tórculo Edicións, Santiago de Compostela.
- Copeland, T.E.; Koller, T.; Murrin, J. (1995): *Valuation: Measuring and Managing the Value of Companies*, Wiley & Sons, New York, 2ª Ed.

Durbán, S.; Irimia, A.I.; Oliver, M.D.; Palacín, M.J. (2009): *Planificación financiera en la práctica empresarial*, Ediciones Pirámide, Madrid.

Fernández, P.(1999): *Valoración de Empresas*, Gestión 2000, Barcelona.

Mascareñas, J. (2010): *Finanzas para directivos*, Pearson, Madrid.

Pérez-Carballo, J.F. (1996): *Control de la Gestión Empresarial*, Ed. ESIC, Madrid.

Rodríguez, A. (2009): *Planificación Financiera Aplicada*, Tórculo Edicións, Santiago de Compostela.

Rodríguez, A.; Barros, F. (2009): *Planificación Financiera de Cooperativas. Modelos de Planificación Financiera de Cooperativas con Excel*, Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP), USC, Santiago de Compostela.

Rodríguez, A.; Iturralde, T. (2008): *Modelización Financiera Aplicada. Modelos de Planificación Financiera con Excel*, Delta Publicaciones, Madrid.

Ruiz, R.J.; Gil, A.M. (2000): *La Planificación Financiera de la Empresa*, Instituto Superior de Técnicas y Prácticas Bancarias, Madrid, ISBN 84-85748-95-6.

LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS

Fernández, P.(2000): *Creación de Valor para los Accionistas*, Gestión 2000, Madrid.

Mochón, F.; Rambla, A. (1999): *La Creación de Valor y las Grandes Empresas Españolas*, Ariel Sociedad Económica, Madrid.

Rappaport, A. (1998): *La Creación de Valor para el Accionista. Una guía para inversores y directivos*, Ed. Deusto, Bilbao, 2ª Edición.